

DECRETO XXX ... /2024, do de , polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, no seu artigo 12 dispón que a oferta de emprego público, ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal, se adaptará aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal e, e en particular, no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

De acordo co disposto no artigo 20.Un da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, que se atopa prorrogada, a incorporación de persoal de novo ingreso cunha relación indefinida no sector público levarase a cabo a través da oferta de emprego público, como plasmación do exercicio da planificación nun marco plurianual.

Neste mesmo artigo 20.Dous fíxanse diferentes taxas de reposición; establécense unha taxa do 120 por cento para os sectores prioritarios e unha taxa do 110 por cento para os demais sectores prevendo, ademais, que cada Administración poderá autorizar con carácter extraordinario unha taxa específica co fin de dar cumprimento ao obxectivo previsto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución de temporalidade no emprego público, e evitar que a temporalidade supere o 8% na Administración.

Así mesmo, o dito precepto inclúe, entre outros, como sectores prioritarios: o control e loita contra o fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e control da asignación eficiente dos recursos públicos; o asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos; a cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios; as prazas do persoal que presta asistencia directa á ci-

dadanía nos servizos sociais e servizos de transporte público, así como as prazas de seguridade e emerxencias, as relacionadas coa atención aos cidadáns nos servizos públicos e xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego; prazas de seguridade e emerxencias; prazas de persoal que realiza unha prestación directa aos usuarios do servizo de transporte público; e persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Igualmente, o disposto no artigo 20.Dous e tres da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, resulta de aplicación ás sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, segundo as disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésima terceira da dita lei.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 48 establece os criterios xerais en que se debe enmarcar a oferta de emprego público, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nas convocatorias respectivas. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas, en que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

A oferta de emprego público para o ano 2024 inclúe prazas por acceso libre que figuran no anexo I. Para determinar a taxa de reposición tívose en conta o número de xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias sen reserva de posto de traballo, altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións e ingresos producidos durante o ano 2023; non computando na taxa de reposición tal e como indica o artigo 20.Tres, punto 4, da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, as prazas que se convocan para a súa provisión mediante procesos de promoción interna nin os cesamentos derivados dos ditos procesos.

Por outra banda, a oferta de emprego público é un instrumento de planificación dos recursos humanos que ten como obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Neste sentido, merece especial mención a promoción interna como unha das medidas derivadas da planificación dos recursos humanos, que deberá ser facilitada pola Administración como vía para a adquisición das correspondentes competencias e como requisito necesario para a progresión na carreira profesional desde niveis inferiores aos superiores.

Neste decreto de oferta para o ano 2024 inclúese unha promoción interna separada para o persoal funcionario dos corpos xerais con convocatorias independentes das de acceso libre. Tamén se recollen prazas de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que, no momento da entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, estivese a realizar funcións ou desempeñase postos de traballo de persoal funcionario, ou pasase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección ou promoción interna. Así mesmo, inclúense prazas de promoción para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co previsto na disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril.

Con respecto á reserva da cota para persoas con discapacidade, na oferta de emprego público resérvase unha porcentaxe do 11,09% das vacantes, que se distribuirá segundo se establece nos anexos de prazas obxecto desta oferta. A reserva do 11,09% indicado realizarase de xeito que o 2,24% das prazas ofertadas sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o 8,85% para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Conforme aos artigos 13.2.g) e 14.2.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia aprobar a oferta de emprego público por proposta da consellería competente en materia de función pública. Así mesmo, o artigo 12.Cinco da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, esixe o informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiación Autonómica.

Neste marco e tendo en conta os postos de traballo vacantes, cómpre aprobar a oferta de emprego público para o ano 2024 relativa ao persoal funcionario de corpos e escalas da administración xeral, especial e categorías de persoal laboral, establecendo os criterios en que debe enmarcarse esta oferta, de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, así como o artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Na súa virtude, negociados os criterios xerais desta oferta de emprego público coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, logo do informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e da Comisión de Persoal, e de conformidade co establecido no artigo 13.2.g) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do xxxxxxxxxxxx de dous mil vinte e catro.

DISPOÑO:

Artigo 1. Aprobación da oferta de emprego público

De conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, así como no artigo 12 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, apróbase a oferta de emprego público correspondente a distintos corpos e escalas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e categorías de persoal laboral para o ano 2024, nos termos que se establecen neste decreto.

Artigo 2. Cuantificación da oferta de emprego público

1. O Anexo I recolle as prazas que se ofertan para cubrir as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deben proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso con cargo á taxa de reposición de efectivos prevista para o ano 2024.
2. O Anexo II recolle as prazas que se ofertan de promoción interna, cuxos procesos selectivos se realizarán en convocatorias independentes das ordinarias de novo ingreso.
3. O Anexo III recolle as prazas que se ofertan de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma que van ser obxecto dun proceso de funcionarización, nos termos sinalados na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
4. O Anexo IV recolle as prazas que se ofertan de promoción para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma nos termos sinalados na disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril.
5. O Anexo V recolle as prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Artigo 3. *Promoción interna independente*

1. Co obxecto de fomentar a promoción interna, ofértanse as prazas que se detallan no anexo II do presente decreto, para persoal funcionario de carreira polo sistema de concurso-oposición. Os procesos selectivos de promoción interna levaranse a cabo en convocatorias independentes das de novo ingreso e para o persoal funcionario será de aplicación o previsto no artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



2. Realizarase unha promoción interna separada para permitir que o persoal funcionario dos corpos da Administración xeral, excluídas as escalas, poidan promocionar ao grupo inmediato superior sempre e cando posúan a titulación necesaria, prestasen servizos efectivos durante polo menos dous anos como persoal funcionario no corpo do grupo de titulación inmediatamente inferior ao do corpo ao que pretende acceder, reúnan os requisitos exixidos na convocatoria e superen as probas que para cada caso estableza a consellería competente en materia de función pública.
3. Non obstante o anterior, no proceso de promoción interna para o acceso ao corpo superior de Administración xeral (subgrupo A1), tamén poderá participar o persoal funcionario de carreira do corpo de xestión de Administración xeral, da escala de inspectores/as de consumo (subgrupo A2) e da escala de inspección turística (subgrupo A2) e no proceso de promoción interna para o acceso ao corpo auxiliar, subgrupo C2, poderán participar ás escalas pertencentes á agrupación profesional.
4. Para os funcionarios do corpo administrativo da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes de inspección de consumo, realizarase unha promoción interna separada para permitir que este persoal funcionario poida promocionarse ao corpo de xestión da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de inspectoras e inspectores de consumo, sempre e cando posúan a titulación necesaria, teñan prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como funcionario/a de carreira no corpo administrativo da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes de inspección de consumo, reúnan os requisitos exixidos na convocatoria e superen as probas que para cada caso estableza a consellería competente en materia de función pública.
5. As persoas aspirantes dos corpos da Administración xeral que superen o proceso de promoción interna adxudicaráselles destino no mesmo posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, sempre que estivese aberto ao

corpo do grupo de titulación a que se acceda e figure na relación de postos de traballo aberto á Administración xeral; quedan excluídos, expresamente, os postos que só estean abertos a escalas.

No caso de que o aspirante ocupe un posto con carácter definitivo que non estivese aberto ao corpo do grupo de titulación ao que se acceda, ofertaráselle na elección de destino unha vacante aberta ao grupo de titulación ao que accedeu por promoción interna, que poderá ser de nivel superior ao nivel mínimo do grupo, no caso de que non haxa vacantes deste nivel.

6. Aos aspirantes da escala de axentes de inspección de consumo que superen o proceso de promoción interna adxudicaráselles destino no mesmo posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, sempre que poida ser ocupado por un funcionario/a da escala de inspectoras e inspectores de consumo de acordo coa relación de postos de traballo.

No caso de que o aspirante ocupe un posto con carácter definitivo que non estivese aberto á escala de inspectoras e inspectores de consumo, ofertarase na elección de destino unha praza vacante aberta a esa escala.

Artigo 4. Promoción interna para o persoal laboral fixo: proceso de funcionarización

O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxa praza vai ser obxecto dun proceso de funcionarización poderá participar no proceso de promoción interna, para as prazas que figuran no Anexo III do presente decreto, polo sistema de concurso-oposición, de forma independente dos de libre concorrencia, sempre que reúna as condicións e cumpra os requisitos establecidos na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, na Disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Ao persoal laboral fixo que como consecuencia deste proceso adquira a condición de funcionario de carreira adxudicaráselle destino definitivo, de carácter funcional, no mesmo posto que viña desempeñando con carácter definitivo.-

Artigo 5. Promoción para o persoal laboral fixo: proceso da disposición adicional décimo sétima.

O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que desempeña funcións correspondentes ao persoal funcionario e que non cumpra os requisitos previstos na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, poderá participar no proceso de promoción previsto na disposición adicional décimo sétima da dita Lei, para as prazas que figuran no anexo IV do presente Decreto, polo sistema de concurso-oposición.

Artigo 6. Criterios xerais de aplicación nos procesos selectivos

1. De acordo co Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinálanse os seguintes principios reitores para o acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo:

A) Na selección do seu persoal, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia garantirá, ademais dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, os principios de:

- Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- Transparencia.
- Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
- Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.

- Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas que se vaian desenvolver.
- Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.
- Simplificación dos procesos selectivos.
- Valoración ata a puntuación máxima na fase de concurso.

B) Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia e no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e das medidas de discriminación positiva previstas neste decreto. Nas convocatorias de promoción interna estableceranse medidas para fomentar o seu impulso e desenvolvemento.

C) A composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será paritaria para o conxunto da oferta pública de emprego, tanto se se trata de acceso ao emprego público como se se trata de promoción interna, de acordo co disposto no artigo 48 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Os órganos de selección aplicarán na súa actuación principios de austeridade e axilidade á hora de ordenar o desenvolvemento dos procesos selectivos, sen prexuízo do cumprimento dos principios de actuación, de conformidade co establecido no Estatuto básico do empregado público.

D) Nas convocatorias dos procesos selectivos en que se estableza a realización de probas con respostas alternativas, faranse públicos os cadros de respostas, na páxina da Xunta de Galicia (www.xunta.gal/funcion-publica).

E) O funcionamento e actuación dos tribunais de selección axustaranse ás instrucións ditadas para o efecto polo órgano competente.

F) De ser o caso, o desenvolvemento dos procesos selectivos terán que adecuarse ás recomendacións das autoridades sanitarias en períodos de emerxencia sanitaria.

2. Se nun determinado corpo, escala, subgrupo ou categoría da Administración pública galega se verifica a infrarrepresentación do sexo feminino, entendendo por infrarrepresentación unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, de existir méritos iguais entre dous ou máis candidatos ao finalizar o proceso selectivo e antes da proposta de nomeamento dos candidatos aprobados, deberá aplicarse como primeiro criterio de desempate a preferencia das mulleres, salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir o home, de acordo co artigo 49 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Artigo 7. *Persoas con discapacidade*

1. O artigo 59 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé a reserva dunha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no punto 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións.
2. Nesta oferta resérvase unha porcentaxe do 11,09% para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade, de xeito que o 2,24% será para as persoas que acrediten discapacidade intelectual e o 8,85%, para aquelas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade. As prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual ofertaranse en convocatorias independentes. As



prazas reservadas para persoas con calquera outra discapacidade poderán convocarse conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes ás dos procesos libres garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos.

3. Os sistemas de selección que se convoquen para persoas con discapacidade desenvolveranse de acordo co establecido no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
4. Nas probas selectivas, incluíndo os cursos selectivos ou o período de prácticas, estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
5. No suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentasen pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota e a súa puntuación sexa superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, este será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.
6. As prazas reservadas para as persoas con discapacidade non cualificada de intelectual que quedasen desertas nos procesos selectivos acumularanse á quenda xeral.

Disposición adicional primeira. Acumulación de prazas e execución de convocatorias

1. Poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas ofertadas de persoal funcionario correspondentes aos corpos e escalas de Administración xeral e especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto

coas derivadas da oferta de emprego público correspondente aos anos 2022 e 2023, que aínda estean pendentes de convocar. No caso de ser acumuladas, aplicarase a normativa correspondente á oferta do 2024.

2. De conformidade co disposto no artigo 20.Tres. 3 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, as prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a publicación da oferta de emprego público que as autorízase.

A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de ofertas de exercicios anteriores á de 2024, incluídas as que xa fosen publicadas.

Disposición adicional segunda.- Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración pública.

As convocatorias adaptaranse ao disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Disposición transitoria .- Corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B)

As convocatorias dos procesos selectivos referentes ao corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B) deberán adecuarse ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Mentres non se desenvolva regulamentariamente o grupo B, a incorporación do persoal producirase no subgrupo C1.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento do decreto*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de función pública para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento do presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Conselleiro de Facenda e Administración
Pública

Presidente

BORRADOR

BORRADOR

ANEXO I

Acceso libre

Administración xeral	Quenda xeral	Discapacidade xeral	Discapacidade intelectual	Total prazas
Corpo superior (subgrupo A1)	9	1		10
Corpo de xestión (subgrupo A2)	9	1		10
Corpo administrativo (subgrupo C1)	22	2		24
Corpo auxiliar (subgrupo C2)	30	3		33
Agrupación profesional:				
Escala de persoal subalterno			10	10
Escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais:				
Especialidade persoal de limpeza e cociña	139	16	10	165
Total	209	23	20	252

Administración especial	Quenda xeral	Discapacidade xeral	Total prazas
Corpo facultativo superior (subgrupo A1):			
Escala de Inspección urbanística:			
Especialidade Xurídica	1		1
Especialidade Técnica	1		1
Escala de ciencias:			
Especialidade ciencias do mar	4		4
Escala de profesores/as numerarios/as de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros:			
Especialidade Navegación marítima	4		4
Especialidade Pesca marítima	2		2
Especialidade Bioloxía pesqueira	1		1
Especialidade Máquinas e instalacións mariñas	2		2
Especialidade Inglés marítimo	1		1
Especialidade Formación e orientación laboral	1		1
Especialidade Procesos de cultivo acuícola	3		3
Especialidade Procesos sanitarios	1		1
Corpo facultativo de grao medio (subgrupo A2):			
Escala de mestres/as de taller de instituto politécnicos marítimo-pesqueiros:			
Especialidade Servizos ao buque	1		1
Especialidade Máquinas e produción	2		2
Escala de axentes de extensión pesqueira	2		2
Escala de enxeñeiros/as técnicos/as:			
Especialidade Enxeñería técnica agrícola	16	3	19
Corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B):			
Escala de axentes técnicos en xestión ambiental	14	1	15
Escala técnica do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais:			
Especialidade Bombeiro forestal – xefe de brigada	14	1	15
Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial (Subgrupo C1):			
Escala técnica de análises de laboratorio	5		5

Escala técnica de mantemento de servizos	6		6
Escala técnica de condución	9	1	10
Escala técnica de cociña	14	1	15
Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial (Subgrupo C2):			
Escala de auxiliares de clínica	18	2	20
Escala auxiliar de condución	8	1	9
Escala de auxiliares de coidadores	46	4	50
Escala auxiliar do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais:			
Especialidade Bombeiro/a forestal	71	4	75
Escala auxiliar de mantemento	10		10
Escala auxiliar de cociña	42	3	45
Total	299	21	320

Prazas laborais	Quenda xeral	Discapacidade xeral	Total prazas
IV.7 Garda de explotación	10	1	11
Total	10	1	11

Administración xeral/especial/persoal laboral	Quenda xeral	Discapacidade xeral	Discapacidade intelectual	Total prazas
Total prazas	518	45	20	583

ANEXO II

Promoción interna independente

Administración xeral	Quenda xeral	Discapacidade xeral	Total prazas
Corpo superior (subgrupo A1)	16	2	18
Corpo de xestión (subgrupo A2)	30	5	35
Escala de inspectoras e inspectores de consumo	4		4
Corpo administrativo (subgrupo C1)	66	7	73
Corpo auxiliar (subgrupo C2)	150	20	170
Total prazas	266	34	300

ANEXO III

Promoción interna persoal laboral fixo (proceso de funcionarización)

Corpo, escala e especialidade	Total prazas
Corpo superior da Administración xeral da C.A. de Galicia	1
Corpo facultativo superior (Subgrupo A1):	
Corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de facultativos:	
Especialidade de psicoloxía	2
Especialidade de medicina	3
Especialidade de pedagogía	1
Corpo de xestión da Administración xeral da C.A. de Galicia	5
Corpo de xestión da Administración xeral da C.A. de Galicia, escala de xestión de sistemas de informática	7
Corpo facultativo de grao medio (Subgrupo A2):	
Escala de técnicos facultativos:	
Especialidade de enfermaría	3
Especialidade educador social	11
Especialidade educador infantil	3
Especialidade de fisioterapia	2
Especialidade de traballo social	4
Especialidade de documentos gráficos	2
Corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B):	
Escala técnica de axentes técnicos facultativos:	
Especialidade de educación infantil	18
Especialidade animación sociocultural	4
Escala técnica do SPDCIF:	
Especialidade de bombeiro/a forestal – xefe/a de brigada	1
Corpo Administrativo (Subgrupo C1)	15
Corpo de axudantes de carácter facultativo de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia:	
Escala técnica de gobernantes/as:	
Especialidade gobernante/a	6
Escala técnica de mantemento de servizos	15
Escala de axentes de inspección:	

Especialidade Vixilante de estradas	8
Escala técnica de recursos naturais e forestais	4
Escala técnica de cociña	21
Escala técnica de análises de laboratorio	14
Escala técnica auxiliar de informática	9
Escala de axentes de inspección, especialidade de mobilidade	1
Escala dominio público hidráulico	2
Escala técnica de condución	29
Escala técnica operativa do SPDCIF:	
Especialidade bombeiro/a encargado/a de brigada	17
Corpo Auxiliar (Subgrupo C2)	39
Corpo de auxiliares de carácter técnico de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia:	
Escala de auxiliares de clínica	71
Escala auxiliar de coidadores	108
Escala auxiliar de cociña	38
Escala auxiliar de mantemento	4
Escala auxiliar de recursos naturais e forestais	8
Escala auxiliar de laboratorio	11
Escala auxiliar de condución	20
Escala auxiliar do SPDCIF:	
Especialidade bombeiro/a forestal –conductor/a motobomba	24
Especialidade de Emisorista/Vixilante/a fixo/a	22
Especialidade Bombeiro/a Forestal	124
Escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos:	
Especialidade arquivos e bibliotecas	19
Especialidade de museos	1
Escala de gardas de recursos naturais	16
Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da C.A. de Galicia:	
Escala de persoal subalterno	87
Escala de persoal de mantemento	18
Escala de persoal de limpeza e cociña e recursos naturais e forestais:	
Especialidade de limpeza e cociña	148
Especialidade persoal de recursos naturais e forestais	18
Total prazas	984

ANEXO IV

Promoción (Disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril)

Subgrupo	Escala	Total prazas
A1	Corpo superior da Administración xeral da C.A. de Galicia	29
A1	Corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia, escala de facultativos, especialidade de medicina	1
A2	Corpo de Xestión da Administración xeral da C.A. de Galicia	9
A2	Corpo facultativo de grao medio de Administración especial da Administración xeral da C.A. de Galicia, escala de técnicos facultativos, especialidade de traballo social	1
C1	Corpo Administrativo da Administración xeral da C.A. de Galicia	4
C1	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de axentes de inspección, especialidade de vixilancia de estradas	1
AP	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de Persoal subalterno	1
	Agrupación profesional de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de Persoal de limpeza e cociña	6
	Total prazas	52

ANEXO V

Entes Públicos Instrumentais – Persoal laboral

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Posto/Categoría	Quenda xeral	Titulación requirida	Total prazas
Técnico/a de servizos xerais	Acceso libre	Grao universitario ou equivalente Diplomado universitario ou equivalente	2
Total prazas			2

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo e categoría	Total prazas
Xefe/a unidade	Acceso libre	I - categoría 10, 19, 39	1
Total prazas			1

Axencia Turismo de Galicia - ATURGA

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo e categoría	Titulación requirida	Total prazas
Profesor/a departamento RRHH-CSHG PX_EXT114	Acceso libre	I	Licenciatura/Grao en Dereito, Dirección e Administración de Empresas, Psicoloxía, Relacións Laborais, Socioloxía	1
Profesor/a hixiene, dietética e nutrición- CSHG PX_EXT103	Acceso libre	I	Licenciatura/Grao en Nutrición, H. e Dietética, CT dos alimentos, Farmacia, Bioloxía	1
Condutor/a PX_EXT56	Acceso libre	IV-16		1
Lavandeiro/a PX_EXT148	Acceso libre	V-001		1
Total prazas				4

Axencia para a calidade do sistema universitario de Galicia - ACSUG

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo	Total prazas
Técnico/a de programas	Acceso libre	I/II	3
Total prazas			3

Portos de Galicia

Posto/Categoría	Quenda xeral Acceso libre	Discapacidade xeral	Grupo/Nivel	Titulación requirida	Total prazas
Xefe/a departamento ECCP	2		1.3	Enxeñeiro/a de camiños, canles e portos ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio desta profesión	2
Xefe/a división de persoal	1		2.1	Grao en Dereito ou equivalente ou grao en Relacións Laborais ou equivalente	1
Xefe/a de unidade de	1		2.1	Grao en Enxeñería Ambiental,	1

sostenibilidade				Bioloxía, Xestión Ambiental, Química ou equivalentes	
Xefe/a de unidade técnica infraestruturas	3		2.2	Enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas ou grao en Enxeñeiro/a civil	3
Xefe/a de unidade de subministros e servizos	1		2.3	Enxeñeiro/a técnico/a industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio desta profesión	1
Xefe/a de unidade de apoio á explotación	1		2.3	Enxeñeiro/a técnico/a de obras públicas ou grao en Enxeñeiro/a civil	1
Delineante	2		3.2	Técnico/a superior en Proxectos de edificación ou en Proxectos de obra civil ou en Deseño en fabricación mecánica ou equivalentes	2
Celador/a gardapeiraos	7		3.3	Bacharelato ou técnico/a	7
Administrativo/a	4	2	3.3	Bacharelato ou técnico/a	6
Vixiante/a de obras	1		3.3	Bacharelato ou técnico/a	1
Total prazas	23	2			25

Centro Tecnolóxico do Mar – Fundación CETMAR

Posto/Categoría	Quenda xeral	Total prazas
Técnico/a área de formación (CTFO002)	Acceso libre	1
Técnico/a área de tecnoloxía produtos pesqueiros (CTPP0002)	Acceso libre	1
Técnico/a área socioeconomía da pesca (CTSP0002)	Acceso libre	1
Secretario/a de dirección (CTBX0002)	Acceso libre	1
Total prazas		4

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo e categoría	Titulación requirida	Total prazas
Encargado/a administrativo/a	Acceso libre	III-2	Bacharelato ou equivalente. Celga 4	1
Auxiliar administrativo/a	Acceso libre	IV-1	Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) ou equivalente. Celga 3	1
Total prazas				2

Fundación Galicia Europa

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo e	Titulación requirida	Total prazas
-----------------	--------------	---------	----------------------	--------------

		categoría		
Asesor/a técnico/a II (604PND05)	Acceso libre	I	Titulado/a superior	1
Total prazas				1

Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia - CESGA

Posto/Categoría	Quenda xeral	Grupo e categoría	Titulación requirida	Total prazas
Técnico superior de Aplicacións	Acceso libre	I	Superior nivel 3 (Licenciado ou grao – máster) Nivel e coñecemento de inglés: B1 Nivel coñecemento de lingua galega: Celga 4 ou perfeccionamento	1
Técnico superior Analista	Acceso libre	I	Superior nivel 3 (Licenciado ou grao – máster) Nivel e coñecemento de inglés: B1 Nivel coñecemento de lingua galega: Celga 4 ou perfeccionamento	1
Total prazas				2

Redes de Telecomunicacións Galegas - RETEGAL

Posto/Categoría	Quenda xeral	Nivel	Total prazas
Coordinador/a de atención e xestión da rede	Acceso libre	Categoría enxeñeiro/a superior de telecomunicacións, nivel 1 convenio Retegal	1
Coordinación/a de administración	Acceso libre	Categoría Titulado/a medio, nivel 2 convenio Retegal	1
Total prazas			2

Sociedade Vivenda Pública de Galicia, SA

Posto/Categoría	Titulación requirida	Quenda xeral Acceso libre	Discapacidade	Total prazas
Arquitecto/a	Arquitecto/a, graduado/a ou máster nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de arquitecto/a	3	1	4
Técnico/a superior	Grao en Dereito ou equivalente	2		2
Administrativo/a	Bacharelato ou técnico/a	2		2
Total prazas		7	1	8